



**XUNTA
DE GALICIA**



XXIV PREMIOS DE PUBLICIDADE EN GALEGO

2016

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, en colaboración co Parlamento de Galicia e o Foro Enrique Peinador, co obxectivo de promover o uso da lingua galega no ámbito publicitario e en cumprimento do *Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico* e do *Plan xeral de normalización da lingua galega*, convoca, con periodicidade anual, os Premios de Publicidade en Galego, en cuxa presente edición rexerán as seguintes

BASES:

1. Establécense catro premios, un por cada unha das seguintes categorías, segundo o medio de difusión: radio, televisión, Internet e prensa escrita. Así mesmo, establécense dúas modalidades de premio por cada categoría, de xeito que, polos traballos que resulten galardoados, recibirán cadanseu premio tanto a empresa anunciante como a axencia de publicidade que desenvolveu tecnicamente o traballo publicitario.

2. O concurso é de natureza aberta, polo que poderán formalizar a correspondente inscrición tanto as empresas anunciantes como as axencias de publicidade e de medios (empresas produtoras, estudos de deseño gráfico, creativos, desenvolvedores de webs, directores e produtores de produtos publicitarios) que realizasen unha acción publicitaria, difundida ou transmitida integramente en galego, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016.

3. O prazo de inscrición de traballos queda aberto ata o 2 de outubro de 2017.

4. Os traballos deberán enviarse tanto en formato orixinal como en formato jpg ou pdf (no caso das imaxes), mp3 (audios) e mp4 con resolución para web, máximo 40M (vídeos). O enderezo de envío é o da Secretaría Xeral de Política Lingüística:

Rúa de San Roque, nº 2
15704 Santiago de Compostela.

Este envío irá acompañado da folla de inscrición, debidamente cuberta e asinada, que se deberá descargar da web www.lingua.gal. Non se aceptarán solicitudes coa folla de inscrición sen asinar ou que non a inclúan. No caso de concorrer ao premio con varios traballos é obrigatorio presentar unha folla de inscrición por cada traballo presentado.

5. Os premios consistirán na entrega dunha certificación e mais dunha obra artística.

6. O xurado estará conformado por un número impar de membros, entre os que haberá persoas especializadas nas diferentes disciplinas da comunicación e da publicidade e mais do ámbito institucional e asociativo. A presidencia e a secretaría do xurado desenvolveranas persoas adscritas á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

7. Dos traballos que concorran ao premio, valoraranse, entre outros, os aspectos que se indican a seguir:

- Singularidade da produción
- Impacto na promoción da lingua galega
- Calidade lingüística oral e escrita
- Contido multimedia, para os traballos en Internet

Os premios poderán quedar desertos.

8. Os premios, en todas as súas modalidades, serán entregados no transcurso dun acto que se celebrará no mes de novembro de 2017, en conmemoración do Día da Galegidade Empresarial.

9. As axencias ou empresas participantes, ao aceptaren o premio, aceptan a difusión dos anuncios presentados no Portal da Lingua Galega (www.lingua.gal).

10. A presentación aos XXIV Premios de Publicidade en Galego implica a aceptación destas bases. A decisión do xurado non poderá ser recorrida. Será competencia do xurado a resolución de calquera cuestión que non se contemple nas bases.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017